


ACTIVIDADES TEMA 1.- INTRODUCCIÓN A GEOGRAFÍA

REALIZAR NA LIBRETA:

1. Por que pensas que é importante o coñecemento xeográfico?
2. Que outra denominación recibe o paralelo 0? E o meridiano 0?
3. Como se denomina o punto que mide 90°N?
4. Cantos graos miden: o paralelo 35°N, o 79°S, o 89°S? Ordénaos segundo o seu tamaño, de maior a menor.
5. Todos os meridianos miden graos.

REALIZAR SOBRE O MAPAMUNDI DA FOTOCOPIA:



6. Sobre este mapamundi localiza as seguintes coordenadas (escribe sobre o mapa o número na posición que corresponda).

1.- Lat. 50°N Lonx. 175°O.	4.- Lat. 40°N Lonx. 5°O
2.- Lat. 0°N Lonx. 10°L	5.- Lat. 75°S Lonx. 35°L
3.- Lat. 60°S Lonx. 130°O	6.- Lat. 60°N Lonx. 80°L
7. Sobre o mapa están sinaladas as cidades de París, Nova York, Sidney e el Cairo. Indica as coordenadas aproximadas destas cidades: París (P), Nova York (N), Sydney (S) e El Cairo (C).

ACTIVIDADES TEMA 1.- INTRODUCCIÓN A XEOGRAFÍA

8. A un piloto danlle as seguintes coordenadas:
Despegue: 40°N 5°O, Ateraxe: 40°N 175°L.
Localiza estes dous puntos e traza cun bolígrafo unha liña recta do viaxe proposto.
9. Outro piloto recibe as seguintes coordenadas:
Despegue: 40°S 160°O, Ateraxe: 20°N 130°L.
Localiza estes dous puntos e traza cun bolígrafo unha liña recta do viaxe proposto.
10. Recibiuse unha chamada de socorro: “S.O.S. Chocamos cun iceberg. Envíen axuda. A nosa posición é: 60°S 20°O. Cal é o barco, dos indicados no mapa, que está en perigo? En que océano se encontra?

REALIZAR NA LIBRETA:

11. Clasifica os mapas da carpeta de exercicios do Tema 1 (aula virtual).
12. Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas e corrixe os erros neste caso.
 - A latitude pode ser norte ou leste.
.....
 - Xeografía deriva das palabras latinas xeo e graphos.
.....
 - O Trópico de Capricornio está situado no Hemisferio norte.
.....
 - Os mapas topográficos forman parte dos mapas políticos.
.....
 - O Círculo Polar Ártico está situado no Hemisferio norte.
.....
 - É maior unha escala 1:1.000 que unha 1:100.000.
.....
 - A xeografía cidadá é a que estuda as cidades.
.....
 - Un mapa que utiliza frechas para representar un determinado fenómeno denomínase de
isoliñas.
.....
 - Un mapa que representa as comunidades autónomas españolas é un mapa temático.
.....
 - A demografía forma parte da xeografía física.
.....
 - O meridiano de maior tamaño é o Ecuador.
.....
 - A Terra denomínase amorfa porque non é unha esfera perfecta.
.....
 - A máxima lonxitude que pode acadar unha localidade é de 90°.
.....
 - A latitude dunha localidade situada no Ecuador é de 1°.
.....